

A CIG continuará coas mobilizacións en contra dos recortes que establece o novo "acordo social"

A central convocará novos actos de protesta nas vindeiras semanas coincidindo coas tramitacións parlamentares das medidas

Fronte ao escenario que debuxan os continuos recortes e a sinatura do acordo económico e social, a CIG vai manter a súa postura mobilizadora, pola dignidade e de enfrontamento aos ataques contra a clase traballadora; polo que nas vindeiras semanas convocará novos actos de protesta. A folga do 27 de xaneiro demostrou que hai un sector importante da poboación que está en contra do engano que supoñen todas estas reformas.

A CIG vai tentar mobilizar a todas aquelas persoas que estean dispostas a responder a estes ataques.



Para a CIG resulta insultante que se pretenda vender a sinatura escenificada na Moncloa como unha medida que vai favorecer aos parados/as e pensionistas, cando o acordo se caracteriza por plasmar as propostas defendidas polo goberno e a patronal.

A reforma das pensións

Con este pacto acadáronse os dous grandes obxectivos que perseguía o goberno, defendendo os intereses da oligarquía financeira: dificultar o acceso ás pensións e reducir a contía das mesmas.

Atrasar a idade de xubilación até os 67 anos, incrementando os anos de cotización até os 38,5 para poder xubilarse aos 65 anos como na actualidade, e subir o período para calcular a base reguladora dos 15 aos 25 anos, déixanos no peor dos escenarios posibles. Ademais, esta última medida **suporá unha perda media dun 10% nas contías das pensións futuras.**

O obxectivo está cumprido, tense trasladado á opinión pública que o actual sistema público de pensións non ten futuro, que será un sistema de mínimos e que os traballadores e traballadoras terán que recorrer aos fondos privados.

Políticas de emprego

A CIG critica os dous aspectos “estrela” das políticas activas de emprego recollidas no documento asinado: o contrato a tempo parcial bonificado para menores de 30 anos e as axudas vinculadas á formación para os parados/as que esgotaron as prestacións.

No primeiro punto, a CIG entende que esta bonificación supón un novo mecanismo destinado a facilitar man de obra barata para a patronal, xa que, como demostra a experiencia, os empresarios contratan persoal cando o precisan, mais non porque a contratación estea subvencionada. Ademais, **este tipo de bonificacións non crea emprego estábel nin de calidade, senón que unicamente deriva recursos públicos para a patronal.**

No relativo á axuda do 75% do IPREM para parados de longa duración que esgotaron as prestacións, a obriga de participar en cursos de formación limitará o acceso ás mesmas. Na práctica, con esta medida **as organizacións sindicais españolas aceptaron a desaparición da axuda** (con carácter xeneralista) dos 426 euros a cambio de asumir unha prestación vinculada á realización de cursos de formación que, á súa vez dependerá, de que a propia administración oferte os citados cursos.

Negociación Colectiva

A nivel da negociación colectiva, aínda que o acordo só recolle unha breve declaración, tócanse aspectos que para a CIG resultan preocupantes, como o mantemento do cumprimento do acordo estatal de negociación colectiva (2010-2012), asinado a principios do ano pasado, que **estabelece un incremento salarial máximo do 1% para 2010**. Tendo en conta que o IPC situouse no 3%, nestes momentos, os traballadores e as traballadoras xa está perdendo poder adquisitivo nos salarios.

Outro aspecto abordado no acordo refírese á reforma da estrutura da negociación colectiva, facendo referencia ás necesidades de potenciar os convenios de empresa, seguindo o modelo que pretende a patronal: grandes convenios estatais e convenios de empresa, co obxectivo de ir pouco a pouco eliminando contido a negociación provincial.

En canto á reforma laboral e a función pública, o acordo apenas di nada, mentres que no apartado de política industrial, enerxética e innovación, a CIG considera que se trata de “mera literatura”.

As reformas necesarias que non se tocan no pacto

Para a CIG, en contra das medidas de recortes que se están adoptando, resulta fundamental abordar de xeito urxente unha reforma da política fiscal, para **crear unha fiscalidade verdadeiramente progresiva, na que as rendas máis altas paguen maiores impostos** e se recupere o gravame sobre o patrimonio; implementar medidas contra a fraude fiscal ou eliminar os paraísos fiscais, co obxecto de garantir ingresos ao estado. **Estas cuestións, non obstante, non son tratadas neste acordo.**

Ao igual que tampouco se abordou a problemática da reestruturación do sector financeiro, de capital relevancia nun momento no que as políticas do goberno diríxense á privatización das caixas; non se toca a necesidade de potenciar unha banca pública, nin de incrementar o gasto social e o investimento público de carácter produtivo. Medidas estas que redundarían nunha mellora para a maioría social.

A CIG sempre na defensa dos teus dereitos !!!

A Coruña 7 de febreiro de 2011